

## **CAMPO A TRAVÉS - FASE LOCAL**

### **POLÍGONO INDUSTRIAL DE BÉRTOA (CARBALLO) - venres 22/01/2016**

**ORGANIZAN:** Secretaría Xeral para o Deporte, o Concello de Carballo e a Federación Galega de Atletismo.

### **PARTICIPANTES**

No campo a través poderán participar todos os clubs, centros de ensino, asociacións, ANPAS etc. que cumpran os requisitos da inscrición no programa XOGADE.

### **CATEGORÍAS**

BENXAMÍN: nados nos anos 2008-2007 masculino e feminino.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2006-2005 masculino e feminino.

INFANTIL.: nados nos anos 2004-2003 masculino e feminino.

CADETE.....: nados nos anos 2002-2001 masculino e feminino.

### **OBXECTIVOS XERAIS**

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

### **SISTEMA DE COMPETICIÓN FASE LOCAL**

Cada centro, club ou entidade deportiva poderá participar nesta primeira fase co número de equipos que o desexen en cada categoría, sempre que a súa nomenclatura os diferencie.

Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, agás en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá reorganizar as propias zonas, previa proposta do servizo provincial correspondente.

Todos os participantes e adestradores terán que estar de alta na aplicación informática do programa Xogade, na modalidade de Campo a Través.

### **LUGAR E DATA**

Polígono Industrial de Bértola (Carballo). Venres, 22 de xaneiro de 2016.

### **INSCRICIÓN**

A inscrición dos atletas participantes nesta Fase de Campo a Través Escolar farase antes das **14 horas** do luns día **18 de xaneiro do 2016** utilizando a folla de inscrición que se inclúe nesta normativa, e que deberán enviar por correo electrónico a [carballodeporte@carballo.org](mailto:carballodeporte@carballo.org) e [deportes.coruna@xunta.es](mailto:deportes.coruna@xunta.es), ou tamén pódese facer a inscrición a través do sistema on-line da Federación Galega de

Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfra2/> , coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club, no caso de non ter dita clave poden solicitala ao Servizo de Deporte ou a Federación Galega de Atletismo. Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada Plataforma, xa que facilita o manexo da información.

## COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

## CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual. Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

Para o Campionato Intercomarcal clasificaranse os **dous** mellores equipos e os/as **oito** primeiros/as atletas de cada categoría.

## HORARIO

10:00 - Retirada de dorsais

| Hora  | Categoría     | Distancia aprox. | Voltas                             |
|-------|---------------|------------------|------------------------------------|
| 10.15 | Cadete mas.   | 2.400 m          | 4 voltas                           |
| 10.30 | Cadete fem.   | 1.200 m          | 2 voltas                           |
| 10.45 | Infantil mas. | 1.200 m          | 2 voltas                           |
| 11.00 | Infantil fem. | 1.000 m          | 2 voltas con Saída 200 m adiantada |
| 11.15 | Alevín mas.   | 1000 m           | 2 voltas con Saída 200 m adiantada |
| 11.30 | Alevín fem.   | 800 m            | 2 voltas con Saída 400 m adiantada |
| 11.45 | Benxamín mas. | 600 m            | 1 volta                            |
| 12.00 | Benxamín fem. | 500 m            | 1 volta                            |


## CIRCUITO FASE LOCAL CAMPO A TRAVÉS ESCOLAR.

Venres, 22 de xaneiro do 2016. Polígono de Bertoa (Carballo)

A proba celebrarase nun circuito de unha volta de 600 metros habilitado no interior do Campo de Fútbol Municipal das Eiroas, sito no mesmo Polígono de Bertoa.

**NOTA:** "Se os organizadores así o deciden, en función do estado do circuito e das condicións meteorolóxicas, poderase celebrar a proba no seguinte circuito exterior, sito no mesmo Polígono de Bertoa, segundo o seguinte detalle."

| Hora  | Categoría     | Distancia aprox. | Voltas                                                             |
|-------|---------------|------------------|--------------------------------------------------------------------|
| 10.15 | Cadete mas.   | 2.500 m          | 1 volta pequena (verde) + 2 voltas grandes (amarela)               |
| 10.30 | Cadete fem.   | 1.200 m          | 1 volta pequena (verde) + 1 grande (amarela) (Saída 100 m adiante) |
| 10.45 | Infantil mas. | 1.200 m          | 1 volta pequena (verde) + 1 grande (amarela) (Saída 100 m adiante) |
| 11.00 | Infantil fem. | 1000 m           | Saída 100 m máis adiante + 1 volta grande (amarela)                |
| 11.15 | Alevín mas.   | 1000 m           | Saída 100 m máis adiante + 1 volta grande (amarela)                |
| 11.30 | Alevín fem.   | 800 m            | Saída 100 m máis atrás + 1 volta pequena (verde)                   |
| 11.45 | Benxamín mas. | 500 m            | 1 volta pequena (verde)                                            |
| 12.00 | Benxamín fem. | 500 m            | 1 volta pequena (verde)                                            |



Volta B: distancia aproximada 500m. Volta A: distancia aproximada 900m.

Saída adiantada: 100m máis adiante da saída oficial. Saída atrasada: 100m máis atrás da saída oficial

## TRANSPORTE

No caso de necesitar transporte para participar nesa proba, deberá solicitalo ao **Servizo** de Deporte, ao correo especial de transporte: **sdbus.co@hotmail.es**, indicando os seguintes datos: Colexio, dirección de saída bus, hora de saída, n.º prazas, responsable, e móbil do responsable, e unha vez recibida a solicitude, indicaremoslles a Empresa confirmando o transporte.

## DATAS PRÓXIMAS XORNADAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN PREVISTAS

Fase Intercomarcal ..... Sábado 30/01/2016 confirmarase data e lugar

## OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org), e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: ["xogade.xunta.es"](http://xogade.xunta.es)